

## INSCRICIÓN EQUIPOS ALEVÍNS, BENXAMÍNS E PREBENXAMÍNS

Xa é posible realizar a inscrición das categorías Alevín, Benxamín e Prebenxamín a través da plataforma da Federación Galega de Balonmán. As competicións das diferentes categorías serán:

CATEGORÍA ALEVÍN	
Liga Alevín 7 (Comezo 19/10/2019)	Copa Alevín 7 (Comezo 26/10/2019)
Liga Alevín 5 (Comezo 19/10/2019)	Copa Alevín 5 (Comezo 26/10/2019)
CATEGORÍA BENXAMÍN	
Liga Benxamín 5 (Comezo 19/10/2019)	Copa Benxamín 5 (Comezo 26/10/2019)
CATEGORÍA PREBENXAMÍN	
Liga Amigable (Comezo 16/11/2019)	

As competicións disputaranse cada 15 días, agás no caso da competición prebenxamín que terá unha menor periodicidade. En categoría alevín, os/as xogadores/as poderán inscribirse coma máximo nunha competición da columna da esquerda e nunha competición na columna da dereita xa que se disputarán en semanas alternas, os xogadores/as poderán disputar cada competición cun equipo diferente sempre e cando sexan do mesmo clube, é dicir: no meu clube podo ter 2 equipos que disputen a Liga Alevín 7 e con eses mesmos xogadores/as podo inscribir 4 equipos que disputen a Copa Alevín 5 a seguinte semana.

Recordamos que o número mínimo de xogadores/as por equipo é de:

CATEGORÍA	Nº XOGADORES/AS NA WEB DA FGBM	Nº XOGADORES/AS EN ACTA
ALEVÍN 7	10	7
ALEVÍN 5	8	5
BENXAMÍN 5	8	5
PREBENXAMÍN	8	5

**IMPORTANTE:** O prazo límite de inscrición dos equipos para estas categorías remata o **venres 4 de outubro de 2019, ás 20:00 horas**. Os equipos que deben estar inscritos deben volver a facelo, xa que deben encadrarse nunha ou varias categorías.

Recordamos que todos os xogadores/as deben estar validados na plataforma de MiSquad antes da data de comezo da competición.

En Vigo a 30 de setembro de 2019.

